**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/02/2026 17:19:40**

CSV: REXPG-BIRr2LWpQ-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

2. Comparecencia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.1 52181(12/CPP-000090)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira de Política Social e Igualdade, por petición propia, para informar sobre os avances en materia de igualdade en Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:05:27
Nº Rexistro: 52181
Data envío: 02/03/2026 17:05:27.007
Data 02/03/2026 17:05

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**OFICIO**

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- da conselleira de Política Social e Igualdade, para informar sobre **"os avances en materia de igualdade en Galicia"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsparlamentarias@xunta.gal

CSV: REXPG-vRbOxUjdt-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/03/2026 17:05:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:05:27
**Nº Rexistro: 52181**
Data envio: 02/03/2026 17:05:27.007

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 17:05:26**

CSV: REXPG-vRbOxUjdt-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3. Mocións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.1 51965(12/MOC-000107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 49524, publicada no BOPG núm. 332f1, do 11 de febreiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 24 de febreiro de 2026.)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:36:09
Nº Rexistro: 51965
Data envío: 26/02/2026 13:36:09.418

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 25 de febreiro, sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia (doc. núm **49524**, [**12/INT-001641**]).

**Moción**

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.- Demandar do Goberno do Estado un plan de axudas extraordinarias para o sector do mar galego afectado polos ininterrompidos temporais que se veñen producindo dende o mes de novembro de 2025 e que mantiveron á frota pesqueira amarrada e a mariscadores e mexilloeiros sen apenas actividade, similar ao que xa se aprobou para outras Comunidades Autónomas, e que cando menos inclúa:

a) A inmediata exención das cotas da Seguridade Social ás persoas, empresas e confrarías de pescadores, con efectos retroactivos dende o mes de novembro de 2025.
b) A cobertura social para todas e todos os afectados do sector do mar, que inclúa axudas directas de emerxencia que lles permitan manter uns ingresos mínimos e paliar os danos materiais nos seus útiles de traballo, cando menos dende o mes de novembro ata febreiro incluído.
c) Poñer a disposición dos armadores, autónomos do mar e confrarías de pescadores que o soliciten, préstamos ou liñas de creto para investimentos que lles permitan a viabilidade da súa actividade.

Asinado o día 26/02/2026 ás 13:35
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: REXPG-CZ7FnfZ0g-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:36:09
Nº Rexistro: 51965
Data envío: 26/02/2026 13:36:09.418

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) A planificación, xunto co Goberno galego, dun plan de medidas e orzamentos para a súa execución que a curto e medio prazo permitan a recuperación da produtividade das rías galegas.

2.- Levar a cabo de xeito inmediato e con dilixencia:

a) A avaliación e cuantificación dos danos e das perdas producidas no sector para destinar fondos propios a paliar as súas consecuencias e para acreditar diante do Goberno do Estado a necesidade de medidas extraordinarias urxentes.

b) Complementar con fondos propios as axudas e medidas que desenvolva o Goberno estatal.

3.- Destinar os fondos europeos dos que dispón a Consellaría de Mar a dar prioridade, diante de calquera outra, a salvar e fortalecer ao sector produtor do mar en Galiza.

4.- Garantir unha acción eficaz na tramitación e xustificación das axudas, nomeadamente nos casos de maior gravidade e nos que a inactividade acumulada sexa maior nos últimos catro meses, establecendo medidas de axilización, simplificación e transparencia en coordinación e colaboración cos distintos subsectores.”

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026

CSV: REXPG-CZ7FhfZ0g-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:36:09
**Nº Rexistro: 51965**
Data envío: 26/02/2026 13:36:09.418

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 26/02/2026 13:35:51**

CSV: REXPG-CZ7FhfZ0g-7
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 13:36:09
Nº Rexistro: 51965
Data envío: 26/02/2026 13:36:09.418

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 13:36:10

CSV: REXPG-CZ7FhfZ0g-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.2 51969(12/MOC-000108)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34163, publicada no BOPG núm. 260f2, do 25 de setembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 24 de febreiro de 2026.)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51969
Data envío: 26/02/2026 14:08:55.853



Grupo Mixto

OFICINA PARLAMENTARIA
**Parlamento de Galicia**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
**gp-mixto@parlamentodegalicia.es**
15702 Santiago de Compostela
Galicia

**Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA**

O Grupo Parlamentario Mixto, representado polo seu portavoz, D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, ao abeiro do disposto nos artigos 151 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, **presenta a seguinte MOCIÓN derivada da Interpelación co número de rexistro 34163, debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do día 25 de febreiro de 2026, punto 5.1 da orde do día**, relativa á política xeral da Xunta de Galicia na xestión **e recuperación forestal fronte aos incendios do 2025**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A interpelación debatida neste Pleno puxo de manifesto a urxente necesidade de reformular as políticas forestais e de emerxencia en Galicia, especialmente tras os devastadores incendios de agosto de 2025 que afectaron a máis de **30.000 hectáreas na provincia de Ourense**.

A vulnerabilidade amosada polas explotacións agrogandeiras, viñedos, soutos e as propias vivendas particulares, sumada á percepción de que as axudas actuais son inferiores ás necesarias, obriga a este Parlamento a instar ao Goberno galego a adoptar compromisos orzamentarios e técnicos firmes. A provincia de Ourense, como epicentro desta crise, non pode quedar atrás na recuperación nin na planificación futura.

## PROPOSICIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Asinado o día 26/02/2026 ás 14:08
Por Armando Ojea Bouzo

CSV: REXPG-nI7jKJCVb-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51969
Data envío: 26/02/2026 14:08:55.853

1. **Elaborar e presentar nun prazo de tres meses un plan de choque** específico para a **provincia de Ourense** que priorice a creación de descontinuidades rurais e o reforzo da ordenación do monte, integrando innovación tecnolóxica para a vixilancia temperá.

2. **Incluír** nos **orzamentos da Xunta para 2026** unha **partida específica e extraordinariamente dotada para a recuperación integral** (económica, social e ambiental) das comarcas ourensás máis afectadas polos lumes de agosto de 2025.

3. **Proceder á revisión inmediata das ordes de axudas por incendios para incrementar as contías** destinadas a familias, empresas e sectores produtivos, garantindo que a cobertura sexa, como mínimo, equiparable ás comunidades autónomas con maior grao de protección en situacións de sinistro.

4. **Incrementar os recursos humanos e materiais adaptados á nova natureza dos incendios** estables destinados á extinción, así como poñer en marcha un programa galego de **formación profesional e cidadá** en materia de autoprotección e prevención forestal.

5. **Establecer un protocolo de mando único** e coordinación técnica permanente entre a Xunta, as Deputacións e os Concellos para axilizar a resposta e evitar a dispersión de recursos en futuras emerxencias.

6. **Elaborar e activar, no plazo de tres meses un plan de repoboamento, do interior**, dotado orzamentariamente, para combatir o **círculo vicioso que existe entre os incendios e a despoboación** do interior de Galicia, centrado especialmente en Ourense, onde os efectos de ambos desastres son máis pronunciados e urxentes.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2026

Fdo.: D. Armando Ojea Bouzo
Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto (Democracia Ourensana)

CSV: REXPG-nI7jKJCVb-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51969
Data envio: 26/02/2026 14:08:55.853

**Asinado dixitalmente por:**

**Armando Ojea Bouzo na data 26/02/2026 14:08:16**

**CSV:** REXPG-nI7jKJCVb-3
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 51969
Data envio: 26/02/2026 14:08:55.853

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2026 14:08:56

CSV: REXPG-nI7jKJCVb-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.3 52035(12/MOC-000109)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 48321, publicada no BOPG núm. 328f1, do 5 de febreiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 24 de febreiro de 2026.)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:31:34
Nº Rexistro: 52035
Data envío: 27/02/2026 12:31:34.470

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 25 de febreiro, sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galiza (doc. núm **48321**, [**12/INT-001593**]).

**Moción**

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a corrixir os seus incumprimentos en materia de igualdade e impulsar medidas efectivas, a comezar por:

1. Asumir responsabilidades políticas pola demora na rendición de contas e aprobación na continuación do II Plan de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025 e do III Programa Galego de Muller e Ciencia 2022-2025 así como a presentar a proposta de renovación, incorporando orzamento e calendario desagregados e indicadores obxectivos e concretados de seguimento no prazo máximo de dous meses previa consulta aos organismos de participación social.

2. Asumir responsabilidades políticas pola demora na aprobación do novo Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual facéndoo público de inmediato e cumprir o seu compromiso parlamentario de impulsar, en colaboración coas entidades sociais, un programa específico de axuda ás mulleres prostituídas onde se planifique un itinerario transversal e se

Asinado o día 27/02/2026 ás 12:31
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 27/02/2026 ás 12:31
Por Noa Presas Bergantiños

CSV: REXPG-6YkUG2CU2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

garanta unha axuda periódica para unha atención integral e inserción sociolaboral á que se poidan acoller mulleres en situación ou non de trata.

3. Impulsar unha mesa de traballo ao abeiro do Consello Económico e Social para a avaliación e impulso real das cláusulas de igualdade na administración pública en vistas da falta de desenvolvemento e aplicación da lei galega de igualdade.

4. Impulso no ano 2026 dun Programa de auditorías sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a asegurar o cumprimento dos convenios colectivos e da lexislación vixente e avaliar, singularmente, a posible existencia de fendas salariais de xénero e as medidas para o corrixir e de forma especial os ámbitos de servizos de limpeza e dos coidados dada a súa alta vulnerabilidade."

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2026

CSV: REXPG-6YkUG2CU2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:31:34
Nº Rexistro: 52035
Data envio: 27/02/2026 12:31:34.470

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2026 12:31:08**
**Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2026 12:31:17**

CSV: REXPG-6YkUG2CU2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2026 12:31:34
**Nº Rexistro: 52035**
Data envio: 27/02/2026 12:31:34.470

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/02/2026 12:31:35**

CSV: REXPG-6YkUG2CU2-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4. Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.1 12382(12/PNP-001020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que desenvolva unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres

*Publicación da iniciativa, 97f1, 09.10.2024*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 13:16:51
Nº Rexistro: 12382
Data envío: 03/10/2024 13:16:51.183

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos** e **Noa Presas Bergantiños,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de impulsar unha estratexia integral para a atención á saúde das mulleres.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos que o movemento feminista empezou a mostrar o nesgo de xénero na atención sanitaria das mulleres, a pesares de que se ten mellorado algo en canto ao estudo de homes e mulleres en medicina, en moitos aspectos o avance e realmente cativo.

Na sanidade sigue sendo maioritario o modelo androcéntrico de atención, que toma de referencia ao home, o comportamento do corpo masculino no diagnóstico, na abordaxe terapéutica e na investigación. A pesares de que hai evidencia e confirmación das carencias, dos déficits denunciados.

Esa evidencia fai precisa a abordaxe das actuacións que ten que desenvolver o sistema sanitario para garantir o dereito á saúde das mulleres con calidade, eficacia e equidade. Unha abordaxe que contemple os múltiples factores que determinan a nosa saúde e que incorpore á análise a perspectiva de xénero.

A evidencia demóstranos que moitas enfermidades preséntanse con maior frecuencia entre as mulleres, como as enfermidades reumatolóxicas ou as autoinmunes;

CSV: REXISTRO-6F4NP8neP-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outras maniféstanse de forma diferente, como a cardiopatía isquémica, unha mesma enfermidade poden presentar síntomas distintos, poden responder diferencialmente aos tratamentos ou ter consecuencias distintas.

Non ter todo isto en conta pode significar que os síntomas non sexan recoñecidos nin polas mulleres nin por profesionais, e dar lugar a infradiagnósticos, diagnósticos tardíos ou inexactos en mulleres porque non responden ao patrón tipo.

Consideramos necesario modificar o modelo sanitario, revisar as políticas sanitarias para dotalas de equidade de xénero. Poñer en marcha unha estratexia para a atención integral da saúde das Mulleres. Para facer visíbeis as diferenzas en saúde e eliminar as desigualdades nas prestacións, como ferramenta de intervención e planificación, con actuacións a desenvolver no conxunto do sistema sanitario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que cree unha **Unidade de Muller e Saúde**, dependente da consellaría de Sanidade, que planifique, coordine e impulse unha estratexia para a atención integral á saúde das mulleres, que contemple como mínimo as seguintes actuacións:

1.- Establecer liñas prioritarias de investigación en saúde da muller, con financiamento suficiente, que permita avanzar no coñecemento das doenzas que lle afectan, revisar os patróns de síntomas e evolución das enfermidades:

a) Establecer indicadores de xénero nos protocolos de autorización e validación de ensaios clínicos.



CSV: REXISTRO-6F4NP8neP-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Establecer liñas de investigación nas doenzas que afectan, ou teñen máis prevalencia nas mulleres (endometriose, fibromialxia...)

c) Garantir, como mínimo, igual representación de mulleres e homes nos ensaios clínicos,

d) Realización de estudos para coñecer a actuación dos tratamentos en canto a eficacia e seguridade.

e) Transferencia dese coñecemento á sociedade, á formación e @s profesionais

2.- Incorporar o enfoque de xénero en todo o proceso de formación:

a) Plans de estudos das profesións sanitarias.

b) Programas formativos das especialidades (MIR, PIR, FIR, EIR...)

c) Realización de guías para profesionais

d) Formación continuada para profesionais sobre a saúde das mulleres.

3.- Garantir a abordaxe de xénero na atención sanitaria

a) Atención específica ás patoloxías que afectan, ou teñen máis prevalencia nas mulleres (endometriose, fibromialxia, patoloxías endócrinas...): Plans de detección precoz, campañas de divulgación, elaboración e difusión de guías tanto para afectadas como para profesionais, crear grupos de traballo, unidades específicas, facilitar derivacións.

b) Garantir o proceso de atención e acompañamento á muller vítima de violencia de xénero, especialmente desde Atención Primaria e servizos de urxencias.

CSV: REXISTRO-6F4NP8neP-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2024 13:16:51
Nº Rexistro: 12382
Data envio: 03/10/2024 13:16:51.183

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Reforzo da Atención Primaria, para prestar unha atención sexual e reprodutiva de calidade a todas as mulleres ao longo de todo o seu ciclo vital: anticoncepción, atención preconcepcional, embarazo e postparto, orientación da demanda de interrupción legal de embarazo, exame de saúde xinecolóxico periódico, detección e orientación inicial na problemática sexual e da parella, menopausa e realización de actividades comunitarias de educación sexual e afectiva.

d) Incorporación á Carteira de Servizos de Atención Primaria de categorías de psicoloxía clínica e traballadoras sociais

e) Adecuación rateos matrona-muller tanto en Atención Primaria como Especializada

f) Creación do número de unidades de chan pélvico preciso que permita facilidade e equidade no acceso ás mesmas."

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Iria Carreira Pazos**
**Noa Presas Bergantiños**
Deputadas do G.P. do BNG
**Olalla Rodil Fernández**
Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-6F4NP8neP-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2024 13:07:48**

**Iria Carreira Pazos na data 03/10/2024 13:15:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2024 13:15:43**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2024 13:16:27**

CSV: REXISTRO-6F4NP8neP-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 33764(12/PNP-003218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de actualización salarial do persoal empregado público

*Publicación do acordo, 324f1, 27.01.2026*

*Publicación da iniciativa, 327f2, 04.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 11:08:28
Nº Rexistro: 33764
Data envío: 11/09/2025 11:08:28.605

# Proposición non de lei sobre o establecemento dunha cláusula de garantía salarial para o persoal empregado público

**Exposición de motivos:**

Desde o ano 2010, o persoal empregado público está a sufrir unha perda continuada de poder adquisitivo que, supera xa o 20%. As políticas económicas impulsadas polos sucesivos gobernos do PP e do PSOE, xunto co impacto das crises económicas e a pandemia da COVID-19, tiveron consecuencias moi negativas nas condicións salariais do persoal ao servizo das administracións públicas.

A rebaixa salarial do 5% decretada no ano 2010, as conxelacións salariais posteriores e os acordos de incrementos retributivos inferiores ao Índice de Prezos ao Consumo (IPC) contribuíron ao progresivo empobrecemento do persoal público. Esta situación provoca que, a día de hoxe, moitas persoas traballadoras da administración teñan serias dificultades para facer fronte aos gastos derivados da vivenda ou mesmo para cubrir necesidades básicas.

A suba do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), aínda que necesaria, evidencia esta realidade cando os salarios dalgúns corpos e escalas básicas da administración vense igualados co SMI e soben coa suba deste, revelando así o nivel de deterioro retributivo do persoal público.

Desde a CIG-Administración Pública, defendemos o establecemento dunha **cláusula de garantía salarial**, vinculada ao IPC real e blindada por lei, que permita garantir que os salarios do persoal empregado público se actualicen automaticamente en función do custo da vida. Consideramos que esta cláusula debe constituír a base sobre a que artellar os futuros acordos salariais anuais ou plurianuais, co obxectivo de recuperar progresivamente o poder adquisitivo perdido.

**Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:**

1. Dirixirse ao Goberno do Estado para que presente de inmediato unha proposta lexislativa que estableza unha cláusula de garantía salarial para o persoal empregado público, de xeito que os seus salarios se actualicen automaticamente cada ano en función da suba do IPC real.
2. Solicitar que se especifique que esta suba automática será independente e complementaria dos incrementos salariais que poidan acordarse no ámbito da negociación colectiva xeral previsto no artigo 36.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

CSV: REXPG-FNm0WAMsL-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2025 11:08:28
Nº Rexistro: 33764
Data envio: 11/09/2025 11:08:28.605

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/09/2025 11:08:16**

CSV: REXPG-FNm0WAMsL-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de xaneiro de 2026**,** adoptou o seguinte acordo:

**Procedementos de control e impulso**

**Proposicións non de lei de iniciativa popular**

**Coñecemento das sinaturas, admisión, publicación e prazo asunción**

- 33764 (12/PNL-000005)
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de actualización salarial do persoal empregado público
BOPG n.º 258f1, do 19.09.2025

A Mesa toma coñecemento do escrito da Xunta Electoral de Galicia (doc. núm. 47934), polo que comunica a acreditación das sinaturas válidas en relación coa proposición non de lei de iniciativa popular sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de actualización salarial do persoal empregado público (doc. núm. 33764, 09/PNL-000005) e acorda:

1.º) Admitir a trámite a devandita proposición non de lei.

2.º) Publicar este acordo e o texto da proposición non de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.º) De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 16 apartados segundo e terceiro da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios poden asumir como propias e convertelas en proposicións non de lei en pleno ou en comisión no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial da Cámara.* Tal e como prevé o artigo citado, de ser varios os grupos parlamentarios que manifesten a súa asunción será asignada a proposición non de lei ao primeiro que o solicite.

4.º) Notificar este acordo aos grupos parlamentarios, á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1.ª

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por: María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª
ND: CN = María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª email = elena.candia.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2026.01.28 14:23:16 +01'00'

CSV: REXPG-BKdSVmUQo-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*
Portavoz do Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Portavoz do Grupo Parlamentario Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 28/01/2026 14:23:16**

CSV: REXPG-BKdSVmUQo-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 14:26:02**

CSV: REXPG-BKdSVmUQo-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:
Rexistro Electrónico
Data: 04/02/2026 01:13:50
Razón: Rexistro Electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de febreiro de 2026, adoptou os seguintes acordos:

**Procedementos de control e impulso**

**Proposicións non de lei de iniciativa popular**

**Asignación ao grupo, cualificación e publicación do acordo**

-33764 (12/PNL-000005) (12/PNP-003218)
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co sistema de actualización salarial do persoal empregado público
BOPG n.º 258f1, do 19.09.2025

A Mesa toma coñecemento do escrito do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 48831) polo que solicita asumir a iniciativa como propia e convertela en proposición non de lei en Pleno, e acorda:

1.º) Asignar a proposición non de lei ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

2.º) Cualificala como proposición non de lei en Pleno.

3.º) Trasladar o acordo á Xunta de Portavoces.

4.º) Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e comunicalo aos promotores da iniciativa.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1.ª

CSV: REXPG-MV4HFSYuz-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Deputado/deputada
Portavoz do G. P. Popular de Galicia
Portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G. P. Socialista de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto
Presidentes e presidentas das comisións
Directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 13:13:50**

CSV: REXPG-MV4HFSYuz-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3 39141(12/PNP-002895)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto "Variante oeste de Caldas de Reis e acceso do porto de Vilagarcía á AP-9"

*Publicación da iniciativa, 295f1, 03.12.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39141
Data envio: 21/11/2025 14:35:34.594

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López, Moisés Rodríguez Pérez, e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno.**

## Exposición de Motivos

O Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible decidiu impulsar este verán o proxecto da "Variante Oeste de Caldas de Reis e Acceso do Porto de Vilagarcía á AP-9" en torno ás estradas nacionais N-640 e N-550 tras moitos anos nos que tivo sumida esta actuación no esquecemento e o abandono.

A reactivación desta infraestrutura, moi necesaria para a vila de Caldas de Reis e o seu desenvolvemento e tamén, para a comarca do Umia, estase a acometer a través dun estudo informativo con seis propostas de trazado que foron decididas unilateralmente polo Ministerio e/ou pola empresa redactora, sen falar cos veciños e cos concellos afectados.

O PSOE, tanto desde o Ministerio como das administracións galegas nas que ten competencias, está tratando de sacar adiante esta Variante Oeste de Caldas cunha actitude totalmente escurantista, motivo polo cal abriuse a fase de exposición pública para o mes de agosto con nula publicidade tanto dos responsables estatais como do propio Concello de Caldas de Reis.

O Ministerio de Transportes e o Goberno de España limitáronse a revogar a urxencia e ampliar o prazo de exposición pública ata o 5 de novembro –solicitado exclusivamente polo PP de Caldas–, para frear o enorme malestar dos veciños, en vez de atender ás peticións impulsadas polo noso partido e aprobadas por unanimidade nos Plenos do concellos de Caldas de Reis e Portas, e que pasan pola anulación inmediata do actual estudo informativo e o encargo urxente dun novo proxecto que recolla trazados cunha menor afección e impacto sobre estes dous termos municipais.

Asinado o día 21/11/2025 ás 14:33
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: REXPG-GB9HysU8n-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:
>
> 1. Anular, de xeito inmediato, o actual estudo informativo do proxecto "Variante Oeste de Caldas de Reis e Acceso do Porto de Vilagarcía á AP-9" polas graves afeccións de todos os trazados propostos no mesmo aos territorios de Caldas de Reis e Portas.
>
> 2. Iniciar con urxencia a redacción dun novo estudo informativo para a próxima construción da Variante Oeste de Caldas de Reis en torno ás estradas nacionais N-640 e N-550, excluíndo o acceso ao Porto de Vilagarcía, que conteña alternativas de trazado que se adapten os acordos unánimes dos Plenos dos concellos de Caldas de Reis e Portas do ano 2008, e que sexan aceptadas pola veciñanza, cunha menor afección e lesividade sobre os termos municipais de Caldas de Reis e Portas."

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025

CSV: REXPG-GB9HysU8n-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39141
Data envío: 21/11/2025 14:35:34.594

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2025 14:33:13

CSV: REXPG-GB9HysU8n-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 39141
Data envío: 21/11/2025 14:35:34.594

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/11/2025 14:35:35**

CSV: REXPG-GB9HysU8n-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.4 45847(12/PNP-003082)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para a defensa do sector primario galego afectado polo acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur

*Publicación da iniciativa, 319f1, 22.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:37:24
Nº Rexistro: 45847
Data envío: 15/01/2026 16:37:24.266

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 15/01/2
16:36
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 15/01/2026 ás
16:36
Por Carmen Rodríguez Dacosta

O acordo comercial entre a Unión Europea e os países integrantes de Mercosur configura un novo marco de relacións comerciais internacionais que afecta de maneira directa ao sector agroalimentario europeo. Trátase dun acordo xa aprobado polo Consello da Unión Europea e pendente da súa ratificación definitiva polo Parlamento Europeo, que terá efectos xurídicos e económicos unha vez entre en vigor.

A aplicación deste acordo suscita preocupacións fundadas en distintos sectores produtivos, especialmente na gandería, debido ás diferenzas existentes nos estándares de produción, sanitarios, ambientais e de benestar animal entre a Unión Europea e os países de Mercosur. Ao mesmo tempo, o impacto real do acordo non dependerá unicamente do seu contido formal, senón, en gran medida, da forma en que sexa aplicado, xestionado e controlado polas institucións competentes a nivel europeo, estatal e autonómico.

Asinado o día 15/01/2026 ás
16:36
Por Lara Méndez López

Os datos oficiais da Comisión Europea indican que os continxentes de importación con arancel reducido previstos para produtos cárnicos representan unha porcentaxe limitada da produción total comunitaria. Non obstante, unha xestión inadecuada destes continxentes, a súa concentración temporal ou en determinados operadores, ou a ausencia de mecanismos de control e corrección eficaces, pode xerar distorsións no mercado, especialmente nos

CSV: REXPG-NoOymyuzD-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sectores máis sensibles, con impacto directo sobre a renda das explotacións gandeiras.

No caso de Galicia, estas preocupacións vense reforzadas pola elevada dependencia exterior en materias primas para a alimentación animal e polo peso económico, social e territorial do sector primario galego. A gandería e a industria agroalimentaria constitúen un piar fundamental do medio rural, da cohesión territorial e da economía galega, polo que resulta imprescindible anticipar e minimizar calquera risco que poida afectar á súa viabilidade.

A Política Agraria Común e a Organización Común de Mercados dispoñen de instrumentos específicos para facer fronte a perturbacións graves dos mercados agrarios, así como de ferramentas orientadas á protección da renda das persoas produtoras. Así mesmo, a normativa europea contempla cláusulas de salvagarda e medidas correctoras que deben ser activadas de maneira áxil e efectiva cando se detecten desequilibrios significativos.

Neste contexto, resulta necesario que a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, adopte unha posición activa e coordinada coas restantes administracións, orientada a garantir unha aplicación responsable do acordo UE–Mercosur, a protección do sector primario galego e o reforzo do mercado interno, especialmente a través da posta en valor da produción galega baseada na calidade, na trazabilidade e na sustentabilidade.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Defender activamente unha aplicación responsable do acordo UE–Mercosur, que teña en conta a singularidade e a sensibilidade do sector primario galego. Cunha xestión estrita, transparente e equilibrada dos continxentes de importación, para evitar distorsións nos prezos.

CSV: REXPG-NoOymyuzD-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Instar á activación áxil das cláusulas de salvagarda e dos instrumentos previstos na Política Agraria Común e na Organización Común de Mercados, no caso de que se detecten perturbacións graves ou riscos acreditados para os sectores máis sensibles.
3. Impulsar medidas de reforzo da demanda interna da produción galega, mediante políticas de promoción, apoio ás figuras de calidade diferenciada, mellora da información ao consumidor sobre a orixe dos produtos e integración da produción galega nas compras públicas alimentarias, dentro do marco legal vixente.
4. Desenvolver medidas de acompañamento específicas para o sector primario galego, orientadas á estabilización dos mercados, ao apoio á renda das explotacións en situacións de crise e ao reforzo da posición negociadora das persoas produtoras na cadea alimentaria.
5. Apostar por unha estratexia de fortalecemento da base produtiva agraria galega, incluíndo o incremento da superficie agraria útil e a mellora da autonomía alimentaria, como elementos clave para reducir a vulnerabilidade fronte a escenarios internacionais de incerteza.

Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro do 2026

CSV: REXPG-NoOymyuzD-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:37:24
Nº Rexistro: 45847
Data envío: 15/01/2026 16:37:24.266

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 15/01/2026 16:36:14**
**Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/01/2026 16:36:20**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 15/01/2026 16:36:28**

CSV: REXPG-NoOymyuzD-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 16:37:24
Nº Rexistro: 45847
Data envío: 15/01/2026 16:37:24.266

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 16:37:25**

CSV: REXPG-NoOymyuzD-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.5 48724(12/PNP-003187)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que teña en conta as reclamacións de Galicia para as seguintes fases de elaboración da planificación ata 2030 da rede de transporte de enerxía eléctrica

*Publicación da iniciativa, 332f1, 11.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:07:48
Nº Rexistro: 48724
Data envío: 30/01/2026 11:07:48.019

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Verea Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**Exposición de Motivos**

A través da Orde TED/1375/2023, do 21 de decembro, pola que se inicia o procedemento para efectuar propostas de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica co horizonte 2030, é dicir, en decembro de 2023, botaba a andar o proceso de elaboración da planificación da rede de transporte 2025-2030.

Un proceso que está sendo longo, xa que pesar das modificación de aspectos puntuais, aprobadas tres anos despois da planificación inicial para o período 2021-2026, as urxencias da industria seguen sen ser atendidas. E incluso aínda que houbo unha segunda modificación, esta obedeceu a medidas de urxencia derivadas do apagamento do 28 de abril. Un total de 65 actuacións das que tan só dúas son para Galicia, pero que non terán repercusión práctica na posibilidade de conexión de novos proxectos industriais ou enerxéticos, senón para dotar de resiliencia a unha rede, o cal xa debería terse garantido.

Sen embargo, aínda queda por aprobar o instrumento que establece as necesidades de desenvolvemento da rede de transporte de electricidade ata 2030, un marco normativo que promete reforzar as infraestruturas existentes e promover novas instalacións que permitirán a España "avanzar no camiño da transición ecolóxica con garantía de subministración, tendo como máxima a protección do medio ambiente e a eficiencia económica do sistema eléctrico".

Así, o Goberno do Estado, recentemente e ata o 16 de decembro, someteu á trámite de audiencia e información pública a proposta de planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica para o horizonte 2030 e o seu estudo ambiental estratéxico. Unha vez avaliado, e ao constatar que discrimina a Galicia cun investimento de 367 millóns de euros, é dicir, en torno ao 2,8% do total, o Goberno galego presentou alegacións ao documento reclamando, por un lado, o incremento no investimento para a nosa Comunidade co obxectivo de que se atendan todas as necesidades enerxéticas das iniciativas industriais proxectadas para os vindeiros anos e, por outro, tamén solicitou

Asinado o día 30/01/2026 ás 11:07
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: REXPG-9El287IHM-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

coñecer a distribución territorial da nova potencia que vai estar dispoñible para o consumo, á fin de poder elaborar unha planificación industrial efectiva.

Ademais, non podemos esquecer que Galicia vén sendo marxinada, xa que a actual planificación só prevía inicialmente menos dun 1% de investimento en redes fronte ao 6,7% no período anterior (2015-2020).

E o certo é que xa estamos en 2026 e aínda non está nin declarada nin moito menos se convocou o concurso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

> “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, nas seguintes fases do proceso de elaboración da planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica para o horizonte 2030, teña en conta as demandas feitas polo Goberno galego, é dicir, incrementar o investimento total para a Comunidade e, por outro, informe cal é a distribución territorial da nova potencia que vai estar dispoñible para o consumo, imprescindible para poder elaborar unha planificación industrial e enerxética para os vindeiros anos. Ao mesmo tempo establecer mecanismos que dean unha resposta áxil ás necesidades dos proxectos que queren implantarse na nosa Comunidade pero que, por falta de conexión, non o poden facer”.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025

CSV: REXPG-9El287iHM-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:07:48
**Nº Rexistro: 48724**
Data envio: 30/01/2026 11:07:48.019

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2026 11:07:24**

CSV: REXPG-9El287iHM-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:07:48
**Nº Rexistro: 48724**
Data envío: 30/01/2026 11:07:48.019

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 11:07:48**

CSV: REXPG-9EI287iHM-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.6 49257(12/PNP-003217)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia ante o crecemento da desinformación sobre as mulleres e dos discursos de odio por razón de xénero

*Publicación da iniciativa, 332f1, 11.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 18:28:56
Nº Rexistro: 49257
Data envío: 03/02/2026 18:28:56.662

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 03/02/2026 ás 18:25 Por Silvia Longueira C

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través d portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

A proliferación de contidos falsos e manipulados no ámbito dixital constitúe unha ameaza crecente para a igualdade entre mulleres e homes e para a calidade democrática. Diversos estudos teñen evidenciado que unha parte significativa da desinformación en Internet constrúe relatos que prexudican a imaxe das mulleres, cuestionan as políticas de igualdade e desacreditan o feminismo.

Asinado o día 03/02/2026 ás 18:25 Por Elena Espinosa Mangana

O impacto das *fake news* con discurso de xénero, así como da escaseza de desmentidos fronte a este tipo de contidos, favorece a súa difusión e a creación de "ciberguetos" antifeministas. Pola súa banda, plataformas de verificación e organismos europeos teñen sinalado que estes bulos teñen maioritariamente unha finalidade ideolóxica, poñendo en risco os valores democráticos.

Nos últimos anos, estes discursos atoparon un eco preocupante entre a mocidade, incrementándose o cuestionamento do feminismo e mesmo a negación da violencia de xénero, tal e como reflicten diferentes estudos sociolóxicos. Esta situación fai necesaria unha resposta pública baseada na educación, na alfabetización mediática e na sensibilización social con perspectiva de xénero.

Asinado o día 03/02/2026 ás 18:25 Por Paloma Castro Rey

A Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias en materia educativa e de igualdade, debe asumir un papel activo fronte á desinformación e os

CSV: REXPG-bhdxW1PS7-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 18:28:56
Nº Rexistro: 49257
Data envío: 03/02/2026 18:28:56.662



discursos de odio contra as mulleres, promovendo políticas públicas que reforcen o pensamento crítico e a igualdade real.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a asumir un papel activo fronte á desinformación e os discursos de odio contra as mulleres, mediante as seguintes accións:

1. Poñer en marcha unha estratexia educativa para a prevención da desinformación e dos discursos de odio por razón de xénero dirixidos especialmente á infancia e á mocidade, para a detección dos discursos antifeministas no ámbito dixital.

2. Desenvolver materiais formativos e recursos didácticos para o profesorado e as familias que faciliten a identificación de noticias falsas e a promoción da igualdade de xénero.

3. Impulsar campañas públicas de sensibilización, especialmente nas redes sociais, que visibilicen o impacto da desinformación sobre as mulleres e o feminismo e promovan valores democráticos e de igualdade.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2026

CSV: REXPG-bhdxW1PS7-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 18:28:56
Nº Rexistro: 49257
Data envio: 03/02/2026 18:28:56.662

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 03/02/2026 18:25:38**
**Elena Espinosa Mangana na data 03/02/2026 18:25:47**
**Silvia Longueira Castro na data 03/02/2026 18:25:57**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 03/02/2026 18:26:04**

CSV: REXPG-bhdxW1PS7-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 18:28:56
Nº Rexistro: 49257
Data envio: 03/02/2026 18:28:56.662

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 18:28:57**

CSV: REXPG-bhdxW1PS7-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 20348(12/INT-000821)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón

*Publicación da iniciativa, 162f1, 26.02.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2025 11:50:57
Nº Rexistro: 20348
Data envío: 18/02/2025 11:50:57.910

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a exclusión da zona de amortecemento situada ao sudoeste da Serra do Careón da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En agosto de 2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta someteu a información pública e transparencia a Estratexia Galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas.

No Consello da Xunta do 7 de outubro de 2024 adoptouse o seguinte acordo: "Acordo polo que se toma razón da aprobación pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas".

Catro meses despois, no DOG do 10 de febreiro do 2025 publicouse a orde do 4 de outubro de 2024 pola que se aproba a "Estratexia Galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas".

No documento aprobado e publicado hai algúns cambios significativos a respecto do documento sometido a información pública no ano 2022. Segundo denunciou a SGHN, un dos cambios máis escandalosos é a mutilación da zona de amortecemento na zona sudoeste da Serra do Careón (ZEC Serra do Careón), entre os concellos de Palas, Santiso e Agolada, xustamente nos terreos en que se pretende



CSV: REXPG-LF1bHQ5nW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2025 11:50:57
Nº Rexistro: 20348
Data envío: 18/02/2025 11:50:57.910

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalar a macrocelulosa de Altri-Greenfiber. Unha zona por certo que alberga hábitats e especies de interese prioritario e comunitario e que foi proposta polo mesmo goberno da Xunta do PP en 2012 para a ampliación da Rede Natura 2000, proposta finalmente arquivada e desestimada.

O documento finalmente aprobado da Estratexia ten tamén importantes eivas no referente ao "Programa de accións" e o "Plan de seguimento e implementación da infraestrutura verde de Galiza".

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que previsións ten a Xunta en relación co "Programa de accións" e o "Plan de seguimento e implementación da infraestrutura verde de Galiza"?

Que alegacións se presentaron en relación coa zona de amortecemento da Infraestrutura Verde situada ao sudoeste da ZEC Serra do Careón?

Que informes técnicos xustifican a eliminación desta zona de amortecemento?

Considera a Xunta que os hábitats e especies de interese comunitario e prioritario que alberga este espazo non merece protección?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Iria Carreira Pazos**
**Montserrat Valcárcel Armesto**
**Olalla Rodil Fernández**
**Ariadna Fernández González**



CSV: REXPG-LF1bHQ5nW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2025 11:50:57
Nº Rexistro: 20348
Data envío: 18/02/2025 11:50:57.910

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 18/02/2025 11:48:00**

**Iria Carreira Pazos na data 18/02/2025 11:48:05**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 18/02/2025 11:49:00**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/02/2025 11:49:02**

**Ariadna Fernández González na data 18/02/2025 11:49:52**

CSV: REXPG-LF1bHQ5nW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 44628(12/INT-001509)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia

*Publicación da iniciativa, 319f2, 22.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44628
Data envío: 09/01/2026 18:55:15.528

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os servizos de urxencias dos hospitais galegos están a vivir unha situación xeneralizada de sobresaturación que, en numerosos casos, deriva nun auténtico colapso asistencial. Esta realidade ten consecuencias directas no funcionamento ordinario do sistema sanitario público e na atención que recibe a cidadanía.

No Hospital Montecelo, a presión asistencial nas urxencias chegou a ser tal que se fixo necesaria a reprogramación de intervencións cirúrxicas non urxentes. En Santiago de Compostela, con máis de 500 persoas atendidas nun só día e pacientes permanecendo en corredores, tamén se puxo de manifesto a sobrecarga que soportan estes servizos. Pola súa banda, o persoal sanitario do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña vén denunciando o colapso grave nas urxencias, con doentes atendidos en corredores, falta de camas dispoñibles e tempos de espera claramente inasumibles.

Estes exemplos ilustran unha problemática que afecta ao conxunto do sistema sanitario galego, aínda que é a área sanitaria de Vigo a que está a asumir a maior presión asistencial. Alí, a gravidade da situación levou aos traballadores e traballadoras dos servizos de urxencias a convocar paros diarios como forma de protesta ante un escenario que consideran insostible e que require respostas inmediatas por parte da Xunta de Galicia.

O Conselleiro confirma que a incidencia da gripe provocou un incremento da taxa de hospitalización en todas as áreas sanitarias, sendo a área de Ourense-

Asinado o día 09/01/2026 ás 18:52
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 09/01/2026 ás 18:52
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: REXPG-sxGS3RHPP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Verín e O Barco a que rexistra o maior número de ingresos. Tamén achega datos que indican que na segunda quincena de decembro se rexistraron máis de 50.000 urxencias hospitalarias.

Non obstante, o máis preocupante é que o Conselleiro, na súa comparecencia do 8 de xaneiro, afirmou que o sistema respondeu "con normalidade e sen incidencias destacables", mantendo "todos os medios operativos".

A realidade obriga, con todo, a apartar os mensaxes triunfalistas da Xunta e do Conselleiro de Sanidade e a analizar con rigor a situación actual. É certo que a gripe ten impacto nos servizos de urxencias hospitalarios, pero tamén é innegable que estes servizos sufriron problemas de forma habitual, debido a unha paradoxa non nova: menos consultas en atención primaria e maior presión sobre as urxencias hospitalarias.

Pedimos que a Xunta sexa consciente da realidade das urxencias hospitalarias: saturacións permanentes, atrasos na atención, hacinamento de persoas enfermas, deterioro progresivo da calidade asistencial e sobresaturación do persoal sanitario.

A solución non pode recaer exclusivamente no esforzo persoal e na improvisación permanente. Un modelo destas características resulta claramente insostible no tempo e evidencia a necesidade urxente de adoptar medidas estruturais que garantan unha atención nas urxencias sanitaria segura e de calidade.

CSV: REXPG-sxGS3RHPP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que medidas está disposta a adoptar a Xunta de Galicia para que non se volvan a producir saturacións e colapsos nas urxencias dos hospitais galegos?
2. Que pensa a Xunta de Galicia dos pacientes que estiveron en corredores nas urxencias dos hospitais galegos?
3. Vai a Xunta de Galicia incrementar os recursos humanos dos servizos de urxencias de Galicia?
4. Vai a Xunta de Galicia incrementar os recursos humanos en atención primaria para que realmente sexa esta a porta de entrada á sanidade pública?

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro do 2026

CSV: REXPG-sxGS3RHPP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
**Nº Rexistro: 44628**
Data envio: 09/01/2026 18:55:15.528

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 09/01/2026 18:52:08**
**Silvia Longueira Castro na data 09/01/2026 18:52:14**

CSV: REXPG-sxGS3RHPP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44628
Data envio: 09/01/2026 18:55:15.528

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/01/2026 18:55:16**

CSV: REXPG-sxGS3RHPP-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 51159(12/INT-001750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos

*Publicación da iniciativa, 341f1, 26.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:41:30
Nº Rexistro: 51159
Data envío: 19/02/2026 09:41:30.751

Asinado o día 19/02/2
09:38
Por Ariadna Fernánde

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Secundino Fernández Fernández**, **Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a non aprobación das axudas destinadas as persoas agricultoras mozas da anualidade 2025 e a previsión da orde da anualidade 2026.

Asinado o día 19/02/2026 ás
09:38
Por Sonia Vidal Lamas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro das funcións da Consellería do medio rural está a de xestións das axudas, e dentro destas temos as que son mais importantes para o presente e o futuro do agro galego e que son as vinculadas aos Plans de Mellora e ás Axudas de Incorporación (cofinanciadas cun 60% de fondos europeos Feader). Estas axudas podemos consideralas dende sempre como os programas estrela para o sector agrario.

No pasado ano 2025 as dúas ordes destas axudas saíron publicadas o pasado 25 de xuño do 2025; un atraso na publicación que indicaba o nulo interese da consellería do medio rural por esta liña de axudas de especial e transcendental importancia para o futuro do agro galego. Esta publicación atrasouse inxustificadamente, incluso o PP votou en contra da iniciativa do BNG na que se demandaba:

1. Dar unha solución e aprobar os expedientes de axudas que cumprían os requisitos das axudas da anualidade do 2024 e que foron denegados por resolución do 30 de decembro do 2024, publicada no DOG do 29 de xaneiro do 2025.

2. Publicar orde de axudas do 2025 antes do 7 de maio, na que contemple como mínimo as mesmas axudas que no ano 2024

Asinado o día 19/02/2026 ás 09:37
Por Secundino Fernández
Fernández

CSV: REXPG-5HUyXiBxz-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A consecuencia deste atraso inxustificado da consellería do medio rural traia consigo unha grande dificultade para tramitar e aprobar no seu debido tempo as axudas destas liñas. Ao final as predicións feitas polo BNG no debate parlamentario cumpríronse e as axudas non se aprobaron no ano 2025.

O pasado 5 de febreiro saíu publicada a *RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2025 pola que se resolven as solicitudes de subvención para investimentos en modernización e mellora das explotacións agrarias das persoas agricultoras mozas, convocadas pola Orde do 11 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á modernización e mellora das explotacións agrarias das persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MR405H).*

Esta resolución aprobaba as axudas de plans de mellora das explotacións agrarias de persoas mozas as que lles fora aprobado unha incorporación no 2024 e non lles aprobaran o plan de mellora asociado; o que restaba viabilidade a explotación destes mozos. Esta orde e a súa resolución pretendía solucionar un despropósito provocado no 2024 con estas mozas e mozos.

O que non sabemos até o de agora é o que pasa coas axudas tramitadas ao abeiro da outra orde, concretamente a do 11 de xuño de 2025 *pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento MR404A e MR405F).*

CSV: REXPG-5HUyXiBxz-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:41:30
Nº Rexistro: 51159
Data envío: 19/02/2026 09:41:30.751

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do resultado destas axudas non coñecemos nada concreto, non hai resolución de aprobación nin de denegación, o que deixa a todas as mozas e mozos solicitantes nun *impasse*, nunha indefensión e inseguridade xurídica que pode significar o abandono do seu interese por establecerse no sector agrario. O único que coñecemos son as declaracións que fai a propia consellería na que indica que se vai publicar a nova orde de axudas no primeiro trimestre; porén non indica que pasará con estes expedientes.

Estamos polo tanto ante unha actuación neglixente e totalmente contraria aos intereses do sector agrario galego e das persoas solicitantes destas axudas que non saben que pasará coa súa solicitude e co seu pretendido futuro no sector agrario. Unha actuación que demostra o pouco interese que ten a Consellería en apoiar as nosas mellores explotacións, en apoiar as mulleres e homes do noso rural, as mozas e mozos que se pretenden incorporar a actividade agraria e que pretenden facer os investimentos na mellora das súas explotacións.

A sorpresa do Grupo Parlamentar do BNG é máxima tendo en conta a importancia crucial que teñen estas axudas para o bo desenvolvemento do sector agrario galego. E en consecuencia coas numerosas queixas, e a inquietude que xera esta situación nas persoas que se queren incorporar e crear unha explotación, reclamamos da Xunta do Partido Popular unha actuación decidida e unha solución para este expedientes que foron denegados.

En definitiva, estamos rematando febreiro e aínda non se publicou a convocatoria destas axudas para o 2026 que debera saír a principios de ano para que as mozas e mozos e titulares de explotacións fagan os seus plans de cara a incorporación ao agro ou mellora das súas explotacións.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

CSV: REXPG-5HUyXiBxz-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:41:30
Nº Rexistro: 51159
Data envío: 19/02/2026 09:41:30.751

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Por que a Consellaría do Medio Rural non aprobou as axudas ao abeiro da ORDE do 11 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás persoas agricultoras mozas, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento MR404A e MR405F)?

• Cantas axudas foron solicitadas e cal é o seu estado de tramitación?

• Que pensa facer a Xunta de Galiza con todos estes expedientes non resoltos?

• Por que a Xunta de Galiza menosprez deste xeito as mozas e mozos que pretendían instalarse no sector agrario dun xeito profesional?

• Considera a Xunta de Galiza que hai demasiadas mozas e mozos no agro galego e por iso actúa deste xeito tan neglixente e así desactivar a incorporación de xente nova ao sector agrario?

• Cara a onde dirixe a Xunta de Galiza os fundos europeos destinados a mellorar as explotacións agrogandeiras galegas e incorporar xente moza ao sector agrario?

• Vai a Xunta de Galiza tomar algunha medida para dar solución aos expedientes que non obtiveron resposta e que cumprían os requisitos?

• Cando vai a Xunta de Galiza sacar a orde de axudas do 2026?

• Vai a Xunta de Galiza sacar unha orde no ano 2026 na que se contemplen tanto liñas de axuda para incorporación de mozas e mozos ao agro, novos agricultores e plans de mellora?

CSV: REXPG-5HUyXiBxz-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:41:30
Nº Rexistro: 51159
Data envío: 19/02/2026 09:41:30.751

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Vai a Xunta de Galiza sacar unha orde no ano 2026 na que se contemplen axuda de plans de mellora para explotacións agrarias sen incorporación asociada?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-5HUyXiBxz-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:41:30
Nº Rexistro: 51159
Data envio: 19/02/2026 09:41:30.751

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 19/02/2026 9:37:53**

**Sonia Vidal Lamas na data 19/02/2026 9:38:02**

**Ariadna Fernández González na data 19/02/2026 9:38:10**

CSV: REXPG-5HUyXiBxz-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 09:41:30
**Nº Rexistro: 51159**
Data envio: 19/02/2026 09:41:30.751

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 9:41:32**

CSV: REXPG-5HUyXiBxz-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 52224(12/POPX-000073)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego en materia de acceso á vivenda

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:20:31
Nº Rexistro: 52224
Data envío: 02/03/2026 18:20:31.717

# Á Mesa do Parlamento

**José Ramón Gómez Besteiro, portavoz** do **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, cre vostede que as súas políticas están solucionando os problemas reais que hoxe existen de acceso á vivenda en Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de marzo do 2026

Asinado o día 02/03/2026 ás 18:09
Por José Ramón Gómez Besteiro

**CSV:** REXPG-Av0YFJJFw-4
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:20:31
Nº Rexistro: 52224
Data envio: 02/03/2026 18:20:31.717

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 02/03/2026 18:09:54**

CSV: REXPG-Av0YFJJFw-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:20:31
Nº Rexistro: 52224
Data envio: 02/03/2026 18:20:31.717

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 18:20:32**

CSV: REXPG-Av0YFJJFw-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2 52226(12/POPX-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o proxecto industrial que o Goberno galego ten para Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:23:23
Nº Rexistro: 52226
Data envío: 02/03/2026 18:23:23.586

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

*Sr Rueda, ten algún proxecto industrial para Galiza ou vai seguir instalado no fracaso e na propaganda?*

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2026

Asinado o día 02/03/2026 ás 18:23
Por Ana Pontón Mondelo

CSV: REXPG-X1xE9eimj-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:23:23
**Nº Rexistro: 52226**
Data envio: 02/03/2026 18:23:23.586

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/03/2026 18:23:11**

CSV: REXPG-X1xE9eimj-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 18:23:23
Nº Rexistro: 52226
Data envio: 02/03/2026 18:23:23.586

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 18:23:24

CSV: REXPG-X1xE9eimj-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.1 52200(12/PUP-000200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa política do departamento responsable do corpo policial ICE en EE UU e coa posibilidade de que poida afectar a galegos ou galegas residentes nese país

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:49:53
Nº Rexistro: 52200
Data envío: 02/03/2026 17:49:53.578

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a posición do goberno galego ante os abusos do ICE nos Estados Unidos, e sobre situación dos galegos e galegas que poidan ser vítimas dese corpo.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia motívase na necesidade de que a Xunta de Galiza se posicione canto antes no Parlamento galego diante dos abusos do ICE nos Estados Unidos, e sobre situación dos galegos e galegas que poidan ser vítimas dese corpo.

**Exposición de motivos**

O goberno dos Estados Unidos, dirixido por Donald Trump, creou un corpo policial denominado ICE (US Inmigration and Customs Enforcement), dependente do Departamento de Interior, dedicado ás aduanas e á inmigración no interior dese país. O ICE ten entre as súas principais atribucións a de deter e deportar inmigrantes que non teñan documentación.

O ICE recibe unha importante cantidade de críticas, tanto no primeiro mandato como no actual de Donald Trump. Neste segundo mandato do presidente Trump, o ICE pasou a ser o maior órgano policial e o que conta co maior financiamento da historia dese país. As súas actuacións, ademais das súas campañas de publicidade, están a ser amplamente cuestionadas tanto en relación coa súa legalidade como polo respecto aos dereitos civís.

Asinado o día 02/03/2026 ás 17:49
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: REXPG-hyUNmS7Ih-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:49:53
Nº Rexistro: 52200
Data envío: 02/03/2026 17:49:53.578

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os axentes do ICE van enmascarados e visten roupa civil, ademais de utilizaren vehículos sen identificar, e este corpo policial está a recibir, desde o inicio do segundo mandato de Donald Trump, críticas pola súa actuación a xeito dun corpo paramilitar. O obxectivo deste departamento é o de contratar 10.000 empregados e empregadas en 2026, e ten un orzamento de 100 millóns de dólares para esta fin.

Existen moitos incidentes documentados de uso excesivo da forza por parte dos axentes do ICE en resposta a manifestantes e migrantes, desde o claro inicio dunha nova estratexia deste corpo, moi agresiva. O 7 de xaneiro deste ano, o ICE asasinou a activista René Nicole Good en Minneapolis, no contexto dunha protesta cidadá contra o aumento da actividade dese corpo policial. ICE detivo miles de persoas desde o regreso de Donald Trump á Casa Branca en xaneiro de 2025.

O ICE está a ser un dos principais brazos executores da iniciativa de deportación masiva que fora unha das promesas electorais máis importantes da campaña electoral de Trump. Este feito, xunto coa agresiva política exterior de Donald Trump, fai que a situación dos Estados Unidos resulte extremadamente preocupante.

Nos Estados Unidos, viven máis de 25.000 galegos e galegas, o que xustifica aínda máis a necesidade de que o goberno galego se pronuncie en relación con este corpo policial que traballa, de xeito activo e extremadamente agresivo, contra os inmigrantes que viven nese país. Alén disto, o goberno galego debe actuar para atender as persoas que poidan ser vítimas desta nova política contra as persoas migrantes.

CSV: REXPG-hyUNmS7Ih-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:49:53
Nº Rexistro: 52200
Data envio: 02/03/2026 17:49:53.578

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Cal é a posición do goberno galego en relación coa agresiva política do departamento do ICE dos Estados Unidos, nomeadamente no que ten que ver coa presenza de galegos e galegas nese país?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2026

CSV: REXPG-hyUNmS7Ih-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:49:53
Nº Rexistro: 52200
Data envio: 02/03/2026 17:49:53.578

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 02/03/2026 17:49:41

CSV: REXPG-hyUNmS7Ih-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 17:49:53
Nº Rexistro: 52200
Data envio: 02/03/2026 17:49:53.578

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 17:49:54**

CSV: REXPG-hyUNmS7Ih-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.2 52133(12/PUP-000199)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da planificación para regular os procesos de repotenciación obrigatoria dos parques eólicos que recolle a Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 13:37:23
Nº Rexistro: 52133
Data envío: 02/03/2026 13:37:23.511

PSG DE PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** oral **urxente** en **Pleno**.

**Xustificación da urxencia**

**A urxencia vén dada pola alzada a suspensión do recurso de inconstitucionalidade, polo que a norma está plenamente vixente e a inseguridade xurídica xerada pola normativa autonómica que precisa resolución clara e áxil por parte do Goberno.**

As deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente en Pleno:

Vai aprobar o Goberno galego, con carácter urxente, unha planificación clara e ordenada —cunha folla de ruta que dea seguridade xurídica— para regular os procesos de repotenciación obrigatoria dos parques eólicos previstos na Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025, incluíndo beneficios sociais para os territorios afectados?

Santiago de Compostela, 2 de marzo do 2026

Asinado o día 02/03/2026 ás 13:36
Por Lara Méndez López

Asinado o día 02/03/2026 ás 13:36
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: REXPG-v7s4y6cLS-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 13:37:23
**Nº Rexistro: 52133**
Data envio: 02/03/2026 13:37:23.511

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 02/03/2026 13:36:31**
**Lara Méndez López na data 02/03/2026 13:36:38**

CSV: REXPG-v7s4y6cLS-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2026 13:37:23
Nº Rexistro: 52133
Data envio: 02/03/2026 13:37:23.511

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/03/2026 13:37:24

CSV: REXPG-v7s4y6cLS-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.3 45185(12/POP-006354)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 11 máis

Sobre as actuacións que está a executar a Xunta de Galicia nas instalacións da antiga ETEA, en Vigo

*Publicación da iniciativa, 319f3, 22.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:36:28
Nº Rexistro: 45185
Data envío: 13/01/2026 12:36:28.004

Por Moisés Rodríguez Pérez

Asinado o día 13/01/2
12:34
Por Julio García Com

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López** e **Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Xunta de Galicia está a executar desde a primavera de 2025 as obras de urbanización do ámbito autonómico da ETEA, correspondente ao PS-6, nunha superficie superior aos 20.000 m² entre as instalacións deportivas e a Praza de Armas. As actuacións inclúen demolicións, movementos de terras, novos viarios, canalizacións de servizos e muros de contención, avanzando segundo o calendario previsto, co obxectivo de rematar no segundo semestre de 2026.

Por Cristina Campero Dorado

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:34
Por Miguel Fidalgo Iglesias

As obras neste ámbito PS6 permitirán, ademais, garantir o subministro dos servizos básicos para a construción da residencia de maiores pública autonómica que construirá a Fundación Amancio Ortega. A Xunta está a cumprir os compromisos adquiridos coa cidade de Vigo, tanto no investimento como na planificación, garantindo un proxecto integral e coherente coa recuperación da antiga ETEA para uso cidadán.

Con todo, permanece pendente a sinatura do convenio entre a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento do PS-1: o vial principal que vertebra todo o ámbito da ETEA, así como as conexións das redes de servizos. A Xunta manifestou por escrito, e en reiteradas ocasións, a súa disposición a asumir integramente o investimento, cifrado en 10,5 millóns de euros.

Asinado o día 13/01/2026 ás
12:34
Por Patricia García González

A demora na sinatura do convenio por parte do Concello de Vigo e da Zona Franca compromete a planificación global da ETEA e impide avanzar en actuacións fundamentais nestes ámbitos.

CSV: REXPG-WZBKROw0E-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:36:28
Nº Rexistro: 45185
Data envío: 13/01/2026 12:36:28.004

Por todo isto, e no marco da colaboración institucional que debe presidir a recuperación da ETEA, é necesario instar a ambas as institucións a desbloquear de inmediato o convenio pendente.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

De que xeito está a contribuír a Xunta de Galicia a desenvolver e recuperar para a cidadanía as antigas instalacións da ETEA en Vigo no que se refire á urbanización desta contorna e aos seus accesos nos diferentes ámbitos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2026

CSV: REXPG-WZBKROw0E-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:36:28
Nº Rexistro: 45185
Data envío: 13/01/2026 12:36:28.004

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia García González na data 13/01/2026 12:34:10**
**Miguel Fidalgo Iglesias na data 13/01/2026 12:34:19**
**Julio García Comesaña na data 13/01/2026 12:34:29**
**Roberto Rodríguez Martínez na data 13/01/2026 12:34:37**
**Cristina Campero Dorado na data 13/01/2026 12:34:47**
**Moisés Rodríguez Pérez na data 13/01/2026 12:34:57**
**José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2026 12:35:16**
**Rubén Lorenzo Gómez na data 13/01/2026 12:35:32**
**Argimiro Marnotes Fernández na data 13/01/2026 12:35:44**
**Carmen Pomar Tojo na data 13/01/2026 12:35:56**
**Gonzalo Trenor López na data 13/01/2026 12:36:03**
**Katherinie Varela Fernández na data 13/01/2026 12:36:12**

CSV: REXPG-WZBKROw0E-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2026 12:36:28
Nº Rexistro: 45185
Data envio: 13/01/2026 12:36:28.004

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/01/2026 12:36:29**

CSV: REXPG-WZBKROw0E-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.4 42261(12/POP-005660)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á mellora das instalacións do Centro de Saúde de Carral

*Publicación da iniciativa, 307f1, 02.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:35:14
Nº Rexistro: 42261
Data envío: 17/12/2025 12:35:14.850



**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Carral é unha das vilas da contorna de A Coruña con 6.775 habitantes; tendo unha tendencia de crecemento poboacional positiva desde comezos do século XXI. Desde 2001 en adiante, recuperou de forma constante ese crecemento.

Unha poboación que no padrón de 2024 mostra unha poboación distribuída en distintos grupos de idade con notable presenza de menores e persoas de idade de traballar.

Estamos pois ante un clásico dunha vila en crecemento. Cunha impronta rural onde, aínda medrando a poboación, o goberno da Xunta de Galicia non ofrece unha planificación adecuada para dar solución ás diferentes necesidades da sociedade emerxente.

Fai uns meses falabamos nesta cámara da falta dun PT no CEIP Vicente Otero Valcárcel que tivo que ser resolto despois da insistencia e a denuncia da comunidade educativa e da ANPA do propio colexio.

Outra é a do transporte público que ignora e dificulta, cada vez máis, que persoas traballadoras e usuarias en xeral, poidan optar por esta modalidade a diario. Pero unha das eivas máis importantes é a do propio centro de saúde.
Atópase nun estado lamentable. A escusa é que o alcalde quere "negociar" para que se faga outro. Esa posibilidade é sen dúbida unha boa decisión pero o resultado é que esta "intención" do alcalde leva anos enriba da mesa sen que se tomen, de xeito provisional, ningunha medida.

Asinado o día 17/12/2025 ás 12:32
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 17/12/2025 ás 12:32
Por Silvia Longueira Castro

CSV: REXPG-kdKFLR9rz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Humidades, mantemento que nunca se efectuou en tódalas dependencias, quedouse pequeno ... xa que o Centro de Saúde de Carral foi construído no ano 1989. Desde entón está a funcionar como equipamento sanitario do municipio para atender a poboación local e, a pesar de ser de titularidade do concello en principio, a súa xestión e prestación de servizos corresponde ao Sergas.

Xa que levaba décadas asumindo o seu mantemento, o Concello de Carral lembra que é a Xunta a que debería facerse cargo do edificio e das futuras obras, solicitando planificación para a súa ampliación e conservación. Chegando a ofrecer á Xunta, tras unha moción de censura no 2025, un terreo para a construción dun novo centro de saúde máis amplo, convertendo o edifico actual nun centro de día. Pero mentres isto acontece, é máis que necesario un mantemento que dignifique e ofreza condicións salubres para a atención da poboación de Carral.

Ademais, o centro de saúde precisa da apertura de atención primaria en quenda de tarde, xa que as citas estanse demorando, nalgunhas ocasións, até 15 días. E mesmo os análises non dan cita até 30 días.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando vai acometer a Xunta de Galicia os arranxos de mantemento no Centro de Saúde de Carral?

Santiago de Compostela, a 17 de decembro do 2025

CSV: REXPG-kdKFLR9rz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:35:14
Nº Rexistro: 42261
Data envio: 17/12/2025 12:35:14.850

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 17/12/2025 12:32:50**
**Elena Espinosa Mangana na data 17/12/2025 12:32:58**

CSV: REXPG-kdKFLR9rz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:35:14
Nº Rexistro: 42261
Data envío: 17/12/2025 12:35:14.850

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/12/2025 12:35:15**

CSV: REXPG-kdKFLR9rz-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.5 49961(12/POP-006977)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as demandas do persoal non facultativo do Servizo de Urxencias do Hospital Universitario Lucus Augusti respecto da súa dotación de recursos humanos e materiais

*Publicación da iniciativa, 336f2, 19.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:26:24
Nº Rexistro: 49961
Data envío: 09/02/2026 11:26:24.839

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 09/02/2
11:22
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) está a atravesar unha situación de extrema gravidade no seu Servizo de Urxencias, tal e como veñen denunciando reiteradamente as profesionais de enfermaría, TCAEs e celadores/as. As súas reivindicacións non responden a intereses corporativos nin a estratexias de confrontación, senón á defensa da seguridade das persoas atendidas, da calidade asistencial e da súa propia integridade física e profesional.

Asinado o día 09/02/2026 ás
11:22
Por Elena Espinosa Mangana

A planificación recente realizada pola Xunta de Galicia e pola Dirección do centro caracterizouse pola improvisación, pola ausencia de diálogo cos profesionais e pola incorporación unilateral de reforzos médicos sen o correspondente reforzo do persoal de enfermaría, TCAEs e celadores/as, xerando un desequilibrio asistencial que compromete seriamente a atención sanitaria.

As deficiencias denunciadas son graves e afectan a áreas estratéxicas como Urxencias 3, os boxes de Críticos, a zona de Observación e a atención nocturna, onde a dotación actual resulta insuficiente para garantir tempos de resposta seguros, coidados adecuados e condicións laborais dignas. A sobrecarga extrema do persoal non médico, a carencia de recursos materiais básicos, a falta de medidas de seguridade eficaces e as agresións sufridas evidencian un deterioro progresivo do sistema sanitario público.

Asinado o día 09/02/2026 ás
11:22
Por Lara Méndez López

CSV: REXPG-wD7kCl42g-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

Esta situación non é un feito illado nin puntual, senón a consecuencia directa dun modelo sanitario impulsado pola Xunta de Galicia baixo gobernos do Partido Popular, baseado nos recortes en persoal, na externalización de servizos, na infrafinanciación das infraestruturas e na substitución da planificación pola propaganda.

Fronte a este modelo, o Partido Socialista defendeu historicamente a sanidade pública como un dos piares fundamentais do Estado do benestar, desde a implantación do sistema nacional de saúde ata a súa consolidación como un dereito universal, público, gratuíto e de calidade. A defensa dunha sanidade pública forte, con recursos suficientes e profesionais recoñecidos, forma parte da identidade política do socialismo.

Os paros e mobilizacións convocados polo persoal do HULA son a consecuencia directa da inacción prolongada da Dirección do centro e da Consellería de Sanidade, que ignoraron reiteradamente comunicacións formais nas que se advertía da gravidade da situación. Estas mobilizacións constitúen unha chamada de atención lexítima ante unha situación insostible que pon en risco tanto aos pacientes como aos profesionais.

O Grupo Parlamentario Socialista considera imprescindible que o Parlamento de Galicia se posicione claramente en defensa da sanidade pública, do persoal sanitario e do dereito da cidadanía a unha atención digna, segura e de calidade, e esixa á Xunta unha resposta inmediata, transparente e acorde coa gravidade do que está a acontecer no HULA e no conxunto do sistema sanitario galego.

CSV: REXPG-wD7kCl42g-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:26:24
Nº Rexistro: 49961
Data envío: 09/02/2026 11:26:24.839



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai a Xunta de Galicia a apoiar expresamente as demandas formuladas polo persoal de enfermaría, TCAEs e celadores/as do Servizo de Urxencias do HULA, recoñecendo a lexitimidade das súas reivindicacións en defensa da seguridade dos pacientes e da calidade asistencial?

Santiago de Compostela, a 9 de febreiro do 2026

CSV: REXPG-wD7kCl42g-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:26:24
Nº Rexistro: 49961
Data envío: 09/02/2026 11:26:24.839

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 09/02/2026 11:22:41**

**Elena Espinosa Mangana na data 09/02/2026 11:22:48**

**Silvia Longueira Castro na data 09/02/2026 11:22:54**

CSV: REXPG-wD7kCl42g-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:26:24
Nº Rexistro: 49961
Data envio: 09/02/2026 11:26:24.839

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 11:26:25**

CSV: REXPG-wD7kCl42g-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.6 49752(12/POP-006964)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 3 máis

Sobre os traballos realizados pola Xunta de Galicia para a contención do monte e a restauración hidrolóxico-forestal nas zonas calcinadas do concello de Pantón

*Publicación da iniciativa, 336f2, 19.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:52
Nº Rexistro: 49752
Data envío: 06/02/2026 11:10:52.776

Asinado o día 06/02/2
11:10
Por Luis Bará Torres

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Suárez Fernández**, **Secundino Fernández Fernández**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os desprendementos de ladeiras producidos na parroquia de San Xoán de Frontón (Pantón) que poñen en perigo a veciñanza do concello.

Asinado o día 06/02/2026 ás 11:09
Por Secundino Fernández
Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As fortes choivas que se produciron no inicio do mes de febreiro veñen creando serios problemas á veciñanza do sur de Lugo, especialmente á veciñanza do núcleo de poboación de Santo Estevo-Estación, na parroquia de San Xoán de Frontón (termo municipal de Pantón). Alí, boa parte do o monte comunal de Frontón veuse abaixo, por riba do poboado coñecido como A Chaira, producindo deste modo graves afectacións ao territorio que deben ser resolvidas á maior celeridade posíbel.

A falta de coñecer as causas reais do desprendemento, é evidente que a chuvia tivo a ver, mais tamén se sospeita que o grande incendio que sufriu a mesma zona en setembro de 2025 e a falta de traballos de contención do monte que a Consellaría de Medio Rural prometera no seu día tamén desempeñaron un papel importante no feito de que o monte finalmente vencese e se desprendese unha ladeira sobre a estrada LU-P-4103. Para alén diso, este desprendemento encóntrase moi próximo á estación ferroviaria de Santo Estevo, que fai parte da liña Ourense-Monforte-Lugo. Este feito agrava a situación sendo que a caída de cascallos ou mesmo outro posíbel

Asinado o día 06/02/2026 ás
11:09
Por Iago Suárez Fernández

CSV: REXPG-6KAg59tcq-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desprendemento non é só un problema serio para a comunidade local, senón tamén para o persoal de Adif e as persoas viaxeiras.

Ante esta conxuntura, é vital que a Xunta de Galiza dea explicacións a respecto da non actuación relativa aos traballos de contención do monte que prometera após os lumes de setembro de 2025. Ademais, o executivo galego debe pór a disposición do Concello de Pantón e a súa veciñanza o máis rápido que puider liñas de axudas e colaboración para tentar salvagardar esta zona de altísimo valor para a Ribeira Sacra e Galiza que, aliás, é territorio Ben de Interese Cultural (BIC). Máis aínda cando existe acordo parlamentar na Comisión 7ª de que a Xunta de Galiza debía ter feito no prazo de tres meses os traballos de retención e restauración hidrolóxico-forestal que, a todas luces non foron feitos, pondo así a veciñanza en perigo e incumprindo novamente un acordo alcanzado no Parlamento de Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Realizou a Xunta de Galiza os traballos de contención do monte e restauración hidrolóxico-forestal nas zonas calcinadas en Pantón tal e como prometeu e se acordou na Comisión 7ª do Parlamento de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-6KAg59tcq-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:52
Nº Rexistro: 49752
Data envío: 06/02/2026 11:10:52.776

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 06/02/2026 11:09:49**

**Secundino Fernández Fernández na data 06/02/2026 11:09:56**

**Luis Bará Torres na data 06/02/2026 11:10:04**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/02/2026 11:10:12**

CSV: REXPG-6KAg59tcq-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:52
Nº Rexistro: 49752
Data envio: 06/02/2026 11:10:52.776

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 11:10:53

CSV: REXPG-6KAg59tcq-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.7 51273(12/POP-007160)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a declaración conxunta asinada coas organizacións Asaga e Unións Agrarias co obxecto de reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do acordo UE-Mercosur

*Publicación da iniciativa, 341f3, 26.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:58:09
Nº Rexistro: 51273
Data envío: 19/02/2026 16:58:09.647

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 19/02/2 16:55 Por José Mato Díaz

Gándara

**Á Mesa do Parlamento**

**Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** sobre a declaración conxunta asinada pola Xunta de Galicia e as organizacións Asaga e Unións Agrarias para reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do acordo UE-Mercosur

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:55 Por María Encarnación Amigo Díaz

Por Cristina Campero Dorado

O recente acordo de libre comercio acadado entre a Unión Europea e os países que integran o Mercosur está xerando unha lexítima preocupación no sector agroalimentario. Pese a ser un dos tratados que máis tempo se leva negociando (máis de 25 anos) e que inclúe garantías para o sector, é tamén unha realidade innegable as diferentes manifestacións dos profesionais do agro que se teñen producido nos últimos meses para mostrar a súa preocupación.

Neste contexto, a Xunta de Galicia vén de asinar coas organizacións agrarias unha declaración conxunta para demandar unha aplicación práctica reforzada do acordo UE-Mercosur e as súas cláusulas de salvagarda, en caso de que entre en vigor o tratado. Foi nunha xuntanza presidida polo titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, na que estivo acompañado da conselleira do Medio Rural, María José Gómez, e os representantes das organizacións asinantes.

O acordo acadado é un avance moi significativo por canto supón unha posición conxunta de Galicia para trasladar 11 peticións moi explícitas á UE e ao Goberno de España, así como compromisos da propia administración autonómica, para protexer e impulsar o sector primario galego diante deste novo escenario.

A declaración implica a esixencia do cumprimento estrito das cláusulas de salvagarda e do seu regulamento, a maiores dunha serie de garantías verificables e esixibles que se concretan no declaración conxunta asinada e que teñen por obxectivo unha actuación rápida e reforzada do acordo para protexer o sector primario. Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia sempre defendemos que para avalar unha aplicación provisional do acordo é imprescindible que se blinde o cumprimento destas esixencias.

Asinado o día 19/02/2026 ás 16:55 Por Miguel Ángel Viso Diéguez

CSV: REXPG-FyMQMwTId-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

Entre as medidas máis salientables se destaca a necesidade de controis en fronteira reforzados, auditorías en orixe e, moi especialmente, o recoñecemento de que se poida actuar ante un "dano limitado a unha zona xeográfica en concreto", como é o caso de Galicia, sen ter que agardar a unha crise de alcance europeo.
Asemade, reclámase ao Ministerio que eleve de xeito urxente calquera problemática á Comisión se ten sospeita dalgún incumprimento e que manteña aberta unha interlocución constante coas comunidades autónomas.

Así mesmo, a Xunta comprometeu medidas propias como o reforzo da promoción interna, a creación do Observatorio de Prezos e o impulso da autonomía alimentaria das explotacións.

En definitiva, unha acción conxunta e consensuada para preservar sempre os intereses dos nosos gandeiros e agricultores. Adiantándonos incluso ao Goberno central, que segue sen concretar que vai facer diante deste escenario.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a declaración conxunta asinada coas organizacións Asaga e Unións Agrarias para reforzar as garantías para o sector primario na aplicación do acordo UE-Mercosur?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

CSV: REXPG-FyMQMwTId-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:58:09
Nº Rexistro: 51273
Data envío: 19/02/2026 16:58:09.647

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Viso Diéguez na data 19/02/2026 16:55:13**
**María Encarnación Amigo Díaz na data 19/02/2026 16:55:23**
**José Mato Díaz na data 19/02/2026 16:55:31**
**Enrique Barreiro Sánchez na data 19/02/2026 16:55:37**
**Cristina Campero Dorado na data 19/02/2026 16:55:45**
**Juan Manuel Casares Gándara na data 19/02/2026 16:55:51**
**Nicole Grueira Fernández na data 19/02/2026 16:56:04**
**Ángel Rodríguez Conde na data 19/02/2026 16:56:10**
**Cecilia Vázquez Suárez na data 19/02/2026 16:56:17**

CSV: REXPG-FyMQMwTId-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2026 16:58:09
**Nº Rexistro: 51273**
Data envio: 19/02/2026 16:58:09.647

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2026 16:58:10**

CSV: REXPG-FyMQMwTId-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.8 46931(12/POP-006611)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre o proxecto Partbiv, iniciativa para a participación da comunidade mariscadora nas operacións de reprodución e cría de moluscos bivalvos de interese comercial

*Publicación da iniciativa, 323f3, 29.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 20/01/2026 ás 18:02
Por Paula Mouzo Mas
Asinado o día 20/01/2026 ás 18:02
Por Patricia García González
Asinado o día 20/01/2026 ás 18:01
Por Miguel Fidalgo Iglesias
Por Dolores Hermelo Piñeiro
Millares

**Á Mesa do Parlamento**

**Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral no **Pleno**

O día 30 de xuño de 2025 aprobouse no Consello de a Xunta de Galicia o Acordo polo que se toma razón do programa PARTBIV, impulsado polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) e destinado á participación da comunidade mariscadora nas operacións de reprodución e cría de moluscos bivalvos de interese comercial.

Con esta iniciativa, a Consellería do Mar pretende crear un espazo de colaboración entre os produtores e os organismos científicos e investigadores da súa titularidade, co fin de dar resposta á necesidade de repoboación dos bancos marisqueiros.

PARTBIV forma parte do esforzo inversor da Consellería do Mar para potenciar a actividade investigadora dos distintos centros investigadores que xestiona. Esta iniciativa súmase, por tanto, a outras liñas de traballo de investigación deseñadas co sector para garantir a súa actividade, pois a costa galega é unha fonte de riqueza e provedora de alimentos que destacan no mercado pola súa calidade e así son valorados polos consumidores.

O Goberno galego continúa reforzando a investigación galega como instrumento esencial para a procura de solucións aos problemas do sector marisqueiro. Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 que define as políticas de investigación e innovación da comunidade. Entre os seus obxectivos está o desenvolvemento dun modelo de xestión baseado na modernización dos sectores tradicionais galegos introducindo melloras na eficiencia e rendemento no uso dos recursos.

Deste xeito, este proxecto contribúe a acadar un ecosistema científico máis aberto e integrado, fortalecendo unha investigación de calidade e impacto.

CSV: REXPG-mPHO0KljM-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 18:07:12
Nº Rexistro: 46931
Data envío: 20/01/2026 18:07:12.620

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. A canto ascende a contía total de esta iniciativa e cales son as accións que se van a acometer con este proxecto?.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026

CSV: REXPG-mPHO0KijM-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 18:07:12
Nº Rexistro: 46931
Data envio: 20/01/2026 18:07:12.620

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 20/01/2026 18:01:52**
**Patricia García González na data 20/01/2026 18:02:02**
**Paula Mouzo Mas na data 20/01/2026 18:02:08**
**Jesús María Fernández Rosende na data 20/01/2026 18:02:21**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 20/01/2026 18:02:31**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 20/01/2026 18:02:37**
**Moisés Rodríguez Pérez na data 20/01/2026 18:02:48**
**Raúl Santamaría González na data 20/01/2026 18:02:57**
**Manuel Santos Costa na data 20/01/2026 18:03:05**

CSV: REXPG-mPHO0KIjM-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2026 18:07:12
Nº Rexistro: 46931
Data envio: 20/01/2026 18:07:12.620

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/01/2026 18:07:13**

CSV: REXPG-mPHO0KijM-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 10.03.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.9    50483(12/POP-007051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 2 máis

Sobre o proxecto do decreto que regula o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galicia

*Publicación da iniciativa, 336f2, 19.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50483
Data envío: 12/02/2026 16:17:33.277

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 12/02/2026 ás 16:15
Por Noa Presas Bergantiños

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**,, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o proxecto de Decreto polo que se aproba o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro.

Asinado o día 12/02/2026 ás 16:15
Por Rosana Pérez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de setembro de 2025 o Consello de goberno da Xunta de Galiza aprobou iniciar a tramitación dos estatutos das mulleres do rural e do sector marítimo-pesqueiro que iniciou o procedemento de consulta pública 3 días máis tarde.

Cómpre sinalar que este procedemento debería estar xa rematado, tendo en consideración que a Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza na súa disposición adicional quinta di: "...a Administración xeral da Comunidade Autónoma procederá a aprobar, no prazo máximo dun ano, contado a partir da entrada en vigor desta lei, e en diálogo coas entidades representativas das mulleres no rural e no sector marítimo-pesqueiro, os seguintes instrumentos: a) O Estatuto das mulleres do rural. b) O Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro".

Asinado o día 12/02/2026 ás 16:15
Por Carmela González Iglesias

Tendo en conta que a lei entrou en vigor o 31 de decembro de 2023 ambos os dous estatutos deberían estar aprobados antes do 31 de decembro de 2024, polo que o goberno galego está a incumprir a legalidade iniciando os trámites para a súa elaboración 9 meses máis tarde da data máxima na que deberían estar aprobados.

CSV: REXPG-7Ss59YIQs-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50483
Data envío: 12/02/2026 16:17:33.277

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Superado o prazo para a súa aprobación, o proxecto do decreto que regula o Estatuto das Mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galiza resulta moi decepcionante.

Estamos ante unha normativa con unha nula perspectiva de xénero, que non recolle medidas concretas para loitar contra a discriminación e desigualdades, que veta a participación das asociación de mulleres nos organismos de dirección e nos órganos de dirección, que coloca a responsabilidade dos coidados e da conciliación sobre as mulleres, ...., en definitiva non avanza en absoluto no camiño da igualdade das mulleres e homes do mar.

Esta normativa é unha ferramenta fundamental para garantir un futuro laboral e social digno e en condicións de igualdade ás mulleres do mar. Mulleres que traballan e viven na costa galega e sofren discriminacións e desigualdades polo simple feito de o seren. Escasa ou nula representación nos órganos de representación, dirección ou decisión; peores condicións laborais e salariais; políticas dirixidas ao sector sen perspectiva de xénero; infravalorización das enfermidades profesionais; falta de medidas de conciliación; son algunhas das cuestións que seguen sen abordarse no sector marítimo-pesqueiro, mentres que noutros ámbitos da sociedade levan anos regulados e, aínda que máis amodo do que é preciso, as mulleres van acadando os seus dereitos.

A negativa do goberno galego a recoñecer a existencia de desigualdades e discriminacións no sector marítimo-pesqueiro galego impiden avanzan no obxectivo de acadar a igualdade dos homes e mulleres que desenvolven a súa actividade laboral e viven na costa galega.

A igualdade acádase poñendo o foco en cuestións diversas tales como que as mulleres ocupen o espazo que lles corresponde nos espazos públicos para darlle visibilidade a todas as persoas que conforman un colectivo, incluídas as mulleres.



CSV: REXPG-7Ss59YIQs-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50483
Data envío: 12/02/2026 16:17:33.277

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O artigo da citada Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza, recolle o compromiso da Comunidade Autónoma de Galiza coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, e o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar e o estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro son as ferramentas necesarias para que o goberno galego cumpra con ese compromiso, e o proxecto de Decreto polo que se aproba o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro que está a tramitar o Goberno galego non só non elimina as discriminación, senón que afonda nas desigualdades.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego retirar, ou cando menos modificar, o proxecto de Decreto polo que se aproba o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro para garantir que recolla medidas concretas e reais para loitar contra a discriminación e desigualdades das mulleres do mar?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-7Ss59YIQs-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50483
Data envío: 12/02/2026 16:17:33.277

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmela González Iglesias na data 12/02/2026 16:15:36**
**Rosana Pérez Fernández na data 12/02/2026 16:15:44**
**Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2026 16:15:50**

CSV: REXPG-7Ss59YIQs-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
**Nº Rexistro: 50483**
Data envio: 12/02/2026 16:17:33.277

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 16:17:34**

CSV: REXPG-7Ss59YIQs-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/